

MESA XERAL ROGOS E PREGUNTAS

Santiago de Compostela 05/05/23

Logo da atención aos puntos da orde do día da modificación da RPT da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, na que as 4 Organizacións Sindicais felicitamos á Consellería polo estilo e o fondo da negociación, cousa da que deberían aprender e tomar nota outras secretarías xerais, pasamos ao punto de rogos e preguntas, no que se dan as seguintes aclaracións:

ANUNCIO DO CONSELLO DA XUNTA: PROCESOS SELECTIVOS

A Dirección Xeral da Función Pública expón que no Consello da Xunta do día de onte:

- Foron anunciados **92 procesos selectivos**, indicando **DATAS ORIENTATIVAS** para a realización das primeiras probas selectivas dos mesmos.
- Que de ditos procesos selectivos, nas últimas semanas foron publicadas **as constitucións dos seus tribunais**, e que seguirán publicándose nos vindeiros días (hoxe publícanse varias).
- Que o anuncio se realiza pola necesidade dunha mellor e máis transparente planificación.
- Que nos **próximos días publicarase as listas de admitidos aos procesos selectivos da estabilización** (entre 211 e 215 procesos).

Pregunta de **UGT** ao respecto de aclaración do anuncio realizado:

Detectamos **erros na nota do Consello da Xunta**, na que se di que: **“Nos meses de setembro e outubro realizaranse os procesos selectivos do grupo A2, educador infantil e educador social, do grupo C1, educador infantil, do grupo C2, auxiliar de cociña e PSX e AP limpeza e cociña”**. Entendemos debe haber erro en tanto que a especialidade de **educador infantil é A2** e non pode aparecer tamén como C1, debendo referirse a Técnico de Xardín de Infancia.

Consideramos que **si a estas alturas do ano non hai listaxes publicados de admitidos nin excluídos**, nos procesos selectivos da **Lei 20**, nin tampouco sobre as persoas que deben realizar o **exame de galego**, entendemos que **facer dita previsión semella un pouco apresurada e precisamos aclaración**. Responde:

- Fíxose un **calendario de todos os procesos** convocados, libre de oferta ordinaria, consolidación e estabilización da Lei 20, e que a **intención da Dirección é**:
 1. **Finalizar a ope libre**
 2. **Resolver o concurso de méritos da Lei 20**
 3. **Resolver o procesos de concurso-oposición da Lei 20**
 4. **Na medida en que se poda convocar**, non en todas as escalas porque quizá non sexa necesario polo número de prazas ofertadas, un **concurso de traslados** que se vaia executando

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	886 132 759	pontevedra@ugt-sp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

paralelamente co obxectivo de que ao final de todos os procesos se poda elixir sobre todas as prazas ofertadas e convocadas.

- Confirma que é certo que **se poderán realizar os exercicios da fase de oposición dos procesos de concurso-oposición da Lei 20 antes de que se resolva o procedemento de concurso da Lei 20**, pero que en todo caso **se remite ao dito, a resolución do proceso selectivo por concurso será anterior á do proceso de concurso-oposición.**

AUXILIARES DE ENFERMERÍA:

Preguntamos polo estado da resolución do proceso selectivo e a resposta foi que houbo **4 renuncias**, algunha por falta de titulación e que **Función Pública solicitou unha nova listaxe ao tribunal**, que están pendentes de que se remita.

PROCESO SELECTIVO DE GARDACOSTAS:

Preguntamos polo estado do proceso selectivo, responde que está en **valoración de méritos**, pero que **inflúen** as respostas ao proceso de **Bombeiros/as Forestais**, onde houbo preto de **400 reclamacións**, que sendo un proceso anterior estase a finalizar coa resposta a este proceso e polo tanto inflúe na terminación do proceso de Gardacostas.

PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL:

Preguntado pola convocatoria deste proceso para a xente que aprobou os últimos procesos selectivos de persoal laboral (exemplos: persoal veterinario, Titulados Superiores e Medios e algunhas categorías de Política Social), responde que **intentarán ter negociadas as bases no entorno do mes xuño**, en todo caso antes do verán.

PROMOCIÓN INTERNA ÚLTIMAS OEPS:

Informa de que a pretensión é **negociar as convocatorias en setembro**.

CARREIRA PROFESIONAL APERTURA DE PRAZO EXTRAORDINARIO:

Solicitado por **UGT** na Comisión de seguimento do acordo, **informa o mesmo que dixo na Comisión**, que **valorarán a apertura dun novo prazo** para aquelas persoas que por diferentes motivos non puideron solicitala no período que se establecía inicialmente, tal e como solicitamos desde UGT.

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	